

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornada Modificación do Código técnico de edificación

CONVOCATORIA: Xornada Modificación do Código técnico de edificación

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	5
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES OU XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/11/2019 - 08:00h ao 17/11/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal desta xornada é informar o persoal técnico responsable de proxectos e obras de edificación sobre as próximas modificacións do Código técnico de edificación (CTE), que afectan algúns dos seus documentos básicos e que supoñen a actualización das referencias normativas destes.

As principais novidades derivan das exixencias das directivas europeas que establecen a obrigaón de revisar e actualizar os requisitos mínimos exixibles en materia de eficiencia enerxética dunha forma periódica, polo que se fai necesaria a modificación do documento básico de aforro de enerxía (DB-HEI). Ademais, tendo en conta estas novas exixencias e o seu efecto sobre os cerramentos exteriores, realízanse modificacións no documento básico de seguridade en caso de incendio (DB-SI) para limitar o risco de propagación do incendio polo exterior do edificio. Destaca tamén que para a transposición parcial da Directiva 2013/59/EURATOM, introdúcese unha nova exixencia básica de salubridade de protección fronte ao gas radón (DB- HS6).

Por outra banda, abordarase o estudo do novo código estrutural como marco regulamentario das exixencias que deben cumprir as estruturas de formigón, as de aceiro e as estruturas mixtas formigón-aceiro para satisfacer os requisitos de seguridade estrutural e seguridade en caso de incendio, así como da protección do ambiente e a utilización eficiente de recursos naturais.

DESTINATARIOS

A xornada está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Nesta xornada trataranse principalmente os seguintes contidos:

– Modificación do CTE:

- Novo documento DB-HE Documento aforro de enerxía.
- Novo documento DB-SI Documento relativo á propagación exterior por fachadas.
- Novo documento DB- HS6 Documento de protección de edificios fronte ao radón.

– O código estrutural. Visión xeral do código estrutural.

O horario da xornada será de 10:00 a 14:30 h.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o aforo do local.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 19/11/2019 a 19/11/2019

NUM. PRAZAS: 286

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ISABEL MARCOS ANASAGASTI

MIGUEL ?NGEL BERM?DEZ ODRIOSOLA

LUGAR DE REALIZACIÓN

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
SALON DE ACTOS: O día 19 de novembro de 10:00 a 14:30.